

¿A qué esperas?



Sorteo de entradas en ocio.elpais.com. The Exploding Boys. Tributo a The Cure. The Exploding Boys. 25 mayo

GaliciaHoxe.com Radio Obradoiro Correo tv tierras anova Google eCorreoGallego buscar...

elCorreoGallego.es

Martes 29.03.2011 | Actualizado 13.17 Hemeroteca web | RSS

Portada Santiago Comarcas Galicia Panorama Deportes Tendencias Opinión Blogs Participa Ocio Canales Servicios Suplementos Última Hora Participa Lo más Hemeroteca web Mapa Web Fotos El tiempo Portada en PDF Edición impresa Tarifas y Contacto

Portada » Hemeroteca web

## ASI¿OCIACIÓN CULTURAL

# Case un cento de rapaces participarán no campamento musical musigalizando

19.06.2007 A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade colabora coa Asociación Cultural Musical Solfa, coa Banda da Escola de Música de Rianxo e coa Banda da Agrupación Musico-Cultural de Ribadumia na posta en marcha desta iniciativa

0.0/5 [0 Voto/s]

0 comentarios

Me gusta

0

Compartir



Lo + visto

Lo + comentado

Última hora

Máis de 90 rapaces pertencentes á Asociación Cultural Musical Solfa de Santiago, á Banda da Escola de Música de Rianxo e á Banda da Agrupación Musico-Cultural de Ribadumia participarán entre o 25 de xuño e o 1 de xullo na iniciativa Musigalizando, un campamento musical que se organiza coa colaboración da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade. O director xeral de Xuventude, Rubén Cela, e os responsables das entidades implicadas presentaron en rolda de prensa esta iniciativa singular, que permitirá que os integrantes destas agrupacións poidan compartir o seu tempo de lecer arredor dunha afección común: a música.

Os participantes, con idades comprendidas entre os 8 e os 25 anos, compartirán durante unha semana as instalacións do Albergue Xuvenil de Gandarío, en Bergondo. Alí alternarán actividades de tempo libre en contacto coa natureza con ensaios á mañá e á noite que lles permitirán preparar un repertorio que ten como prato principal as bandas sonoras. O resultado final deste traballo conxunto poderán verse en dous concertos abertos ao público que se celebrarán o 30 de xuño na praza da Quintana en Santiago e o 1 de xullo na praza do Teucro en Pontevedra.

Os integrantes destes tres conxuntos levan dende o mes de xaneiro desenvolvendo o traballo previo a este campamento, preparando por separado o repertorio de partituras que permitirá montar estes concertos finais, onde soarán as músicas de filmes como La máscara del zorro, Mar adentro ou Bailando con lobos, entre outros. Segundo explicaron os profesores, trátase dun cartel que non poderían executar cada unha das agrupacións por separado por falta de medios humanos ou de instrumentos, pero que si poden abordar en conxunto, co importante reto que isto supón para os rapaces e rapazas.

### Experiencia piloto

Pol a súa parte, Rubén Cela explicou que o apoio da Dirección Xeral de Xuventude a este proxecto se encadra na liña de acción que vén desenvolvendo este departamento da Vicepresidencia de cara a potenciar a produción musical entre a mocidade. Así, aludiu a iniciativas como a Rede Galega de Locais de Ensaio e o certame GZ Crea, que conta con apartados específicos na súa modalidade de composición para bandas noveis e para bandas tradicionais.

O director xeral destacou o novidoso deste campamento, o primeiro destas características que se fai en Galiza, e adiantou que Xuventude vai estudar esta experiencia como proxecto piloto de cara ao seu desenvolvemento nas próximas Campañas de Verán. Neste senso, Cela subliñou a importancia que ten diversificar a oferta de ocio, máis concentrada nestes momentos nas vertentes lúdica, deportiva ou de medio ambiente, para potenciar estas iniciativas de tipo ludico-cultural.

Finalmente, o responsable de Xuventude da Vicepresidencia considerou este campamento un exemplo dos bos resultados que reporta o traballo man con man entre a Administración e as asociacións no eido da mocidade.



Rubén Cela

Es más mortal el cáncer de colon que las carreteras

Un muxiano, mejor marino mercante de toda España

A Pontenova, primer vado ecológico en Galicia que luce con leds

Lavacolla ocupará la superficie de 22 campos de fútbol

[+ noticias]

### Más Ofertas Aquí



**Podólogos.** Todo lo que buscas está en [Paginasamarillas.es](#). [Consultar](#) ★★★★★



**Nórdico Bremen.** Complete su equipo de descanso con una amplia gama de ropa de cama. **120,00 €** ★★★★★



**Botines Mixtos con Cordones.** Cómodos y encima muy baratos. **39,90 €** ★★★★★



**Reloj Fernando Alonso Racing.** Las mejores marcas de moda aquí. **259,00 €** ★★★★★

Reserva tu hotel en AVIAJES

Destino:

Entrada:  Salida:

Nº de habitaciones:

Habitación 1:

**aviajes.com**  
CENTRAL DE RESERVAS

Me gusta

0

Compartir

